



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-----------------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Antropoloxía social e cultural | Código | 615G01102 | |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Primeiro | Formación básica | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Humanidades | | | |
| Coordinación | Couceiro Dominguez, Enrique | Correo electrónico | enrique.couceiro.dominguez@udc.es | |
| Profesorado | Couceiro Dominguez, Enrique | Correo electrónico | enrique.couceiro.dominguez@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | O curso de Antropoloxía social e cultural concíbese como un estudo introdutorio, pero exhaustivo, da sistemática da antropoloxía contemporánea, centrado nas achegas, enfoques teórico-metodolóxicos e campos de investigación de vangarda na disciplina e na súa conexión cos grandes problemas e procesos da globalizada realidade sociocultural actual. Con iso proxéctase ampliar e fundamentar no alumno as súas competencias no coñecemento crítico e as ferramentas conceptuais e técnicas para abordar a complexa tarefa de interpretar a diversidade, especificidade e regularidades dos fenómenos socioculturais contemporáneos e as súas problemáticas inherentes, dende a perspectiva do local, característica da disciplina antropolóxica. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-------------------------|-------------------------------------|--|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Definir, contrastar e debater críticamente conceptos básicos da antropoloxía, asociándoos á diversidade de realidades e problemáticas das sociedades humanas encadradas nos diferentes dominios da cultura. | A1 A12 A35 A36 | B9 B13 B20 | |
| Describir e examinar, utilizando a etnografía, a diversidade, especificidade e regularidades dos fenómenos socioculturais, as súas problemáticas e as súas potencialidades, interpretándoas desde unha perspectiva comprometida e desenvolvida desde o punto de vista do local. | A1 A12 A35 A36 | B3 B9 B13 B27 | |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| Tema 1º: Unha sistemática da antropoloxía social e cultural contemporánea | DO TEMA 1º: Emerxencia de novos campos e fenómenos de investigación, e reconsideracións dos clásicos; Métodos e técnicas na antropoloxía contemporánea. Reflexividade, interpretación e reconfiguración do traballo de campo. |
| TEMA 2º: Antropoloxía económica e economía cultural. Culturas do traballo. | DO TEMA 2º: A economía e as economías como dimensións da cultura. Teorías clásicas (formalismo, sustantivismo, enfoques marxistas). A economía cultural.; O intercambio. Teoría sobre o don de Mauss e debates posteriores. A mercadoría -Arjun Appadurai-. A produción. Sistemas de produción, modos de produción e correlatos socioculturais.; O traballo en perspectiva antropolóxica: dimensións simbólico-rituais do traballo e a actividade, e diversidade de perspectivas culturais en torno a este. As culturas do traballo. |



| | |
|--|---|
| TEMA 3º: A familia e o seu proceso de cambio. Modelos de convivencia familiar dende a comparación intercultural. A actualidade dos estudos de parentesco | DO TEMA 3º: Teorías clásicas sobre o parentesco, a familia e o matrimonio; Familia e grupo doméstico; Os tipos de agrupación familiar e os procesos familiares contemporáneos en perspectiva cultural comparada; A actualidade dos estudos de parentesco. |
| TEMA 4º: Antropoloxía política. Poder, violencia e simbolismo político. | DO TEMA 4º: Estructuras e sistemas políticos nas diferentes sociedades: Liñaxes segmentarias, bandas, xefaturas, big men, asociacións e sociedades, sistemas de grupos de idade, monarquías divinas, formacións estatales. Clientelismo. Os ámbitos de poder. O poder como discurso hexemónico incorporado. Colectivos "mudos" e "apoderamento". Nacionalismos e políticas de etnicidade. Vectores recorrentes na antropoloxía política: liderado, memoria, xerarquía, violencia. Análise da dimensión simbólico-ritual da acción política. |
| TEMA 5º: Asociacións, categorías e xerarquías sociais | DO TEMA 5º: Xénero e idade. O privado e o público. Dominio e subordinación. Graos de idade e grupos de idade. Castas: varnas e jatis. As castas e a mobilidade social. Clases e estratos sociais. Clases culturais. O "capital simbólico" en Bourdieu. A complexidade na diferenciación social. O poder e os sen poder. Métodos de estudo da estratificación social. |
| TEMA 6º: Ritual, mito e simbolismo. Análises e interpretación antropolóxicas da acción simbólica e a narratividade | DO TEMA 6º: A análise simbólica en antropoloxía. Antecedentes clásicos -simbolismo, relixión e sacrificio, totemismo-. Metodoloxía de Turner. A "Thick Description" de Geertz. Schneider, Leach, Mary Douglas e os "símbolos naturais", Cohen, Sperber. O mito, a historia e as narrativas na produción da realidade social cultural. Sahlins. A análise estrutural do mito e a hermenéutica cultural -Lisón-. O ritual como acción performativa: as súas propiedades e efectos. Van Gennep, de novo Turner, Rappaport. |
| TEMA 7º: Representacións, crenzas e estilos de pensamento | DO TEMA 7º: Relixión, crenza e pensamento en Antropoloxía: Enfoques intelectualistas de Tylor, Marett, Frazer e Lang. Enfoques sociologistas de Robertson-Smith, Durkheim e Radcliffe-Brown. Morris. O pensamento prelóxico segundo Lévy-Bruhl. A tradución interpretativa das crenzas e o debate da racionalidade das formas de pensamento: Evans-Pritchard e Lienhardt. A réplica de Winch. Needham: crenza, linguaxe e experiencia. De pensamentos salvaxes, pensamentos civilizados, bricoleurs e enxeñeiros: o enfoque estrutural de Lévi-Strauss. Clasificacións simbólicas e estilos de pensamento: Mary Douglas e o método de « Group & Grid ». O problema da práctica. Estructura e práctica, habitus esquemas culturais e paradigmas-raíces: de Bourdieu a Sherry Ortner pasando por Turner, Giddens e Sahlins, |
| TEMA 8º: Outros campos de análises antropolóxicas contemporáneas | DO TEMA 8º: A nova Antropoloxía médica; risco e cultura; Antropoloxía e tecnoloxías emerxentes; Antropoloxía do deporte; Antropoloxía, cerebro, mente e conciencia. |

Planificación

| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Sesión maxistral | A12 B20 | 52 | 0 | 52 |
| Proba obxectiva | A12 B3 B20 B27 | 2 | 20 | 22 |
| Resumo | A1 B3 B13 | 7 | 25 | 32 |
| Discusión dirixida | A35 A36 B9 | 30 | 10 | 40 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|------------|
|--------------|------------|



| | |
|--------------------|--|
| Sesión maxistral | <p>· Sesión maxistral: Explicación polo profesor dos contidos da materia na aula.</p> <p>Complementarase con materiais visuais de apoio -esquemas e presentacións en Power-Point. O obxectivo destas sesións consistirá en proporcionar, desenvolver e orientar aos estudantes nos coñecementos acerca dos contidos, teorías e complexidades dos fenómenos da cultura, e estimular debates participativos sobre todo iso. Un obxectivo engadido consistirá en fomentar o recoñecemento da diversidade característica do modo de manifestarse os fenómenos culturais.</p> <p>Levaráse rexistro da asistencia regular ao curso, cara ao aproveitamento do impartido nas sesións presenciais.</p> |
| Proba obxectiva | <p>· A proba obxectiva consistirá nunha proba escrita, ao fin do curso cuadrimestral, sobre os coñecementos alcanzados polo alumno, que consistirá na contestación a vinte preguntas de resposta breve. Valoraranse os coñecementos básicos sobre os contidos dos temas do curso, e o dominio dos conceptos.</p> <p>Insístese na asistencia regular ao curso, en referencia á preparación e subseguinte avaliación desta proba obxectiva.</p> |
| Resumo | <p>· O resumo consistirá na elaboración polo estudante dun traballo de resumo e comentario crítico desenrollado sobre o argumento sociocultural e a técnica de elaboración de dous filmes etnográficos, seleccionados polo mesmo, de entre máis dunha vintena que se proporcionarán a través de Moodle polo profesor, para o seu visionado e análise autónoma. Será entregado a mediados-finais de decembro</p> |
| Discusión dirixida | <p>· Discusión dirixida: presentación e debate en clase, durante as sesións de prácticas de grupos, de textos seleccionados polo seu valor teórico-etnográfico, acordos coa unidade temática que se estea desenvolvendo nese tempo, e na que tras a presentación dun resumo esquemático do texto desenvolvida por grupos de 3-5 alumnos, todos poden intervir con comentarios a aspectos da devandita lectura. Valorarase como se argumenta crítica e comprometidamente.</p> <p>Insístese na asistencia regular ao curso, cara á participación en, e avaliación de, as discusións dirixidas.</p> |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|---|
| Resumo Sesión maxistral Discusión dirixida | <p>A atención personalizada realizarase de forma individual respecto ao resumo fílmico e as discusións dirixidas cando a retroalimentación de face ao estudante así o requira.</p> <p>A atención personalizada terá lugar durante o desenvolvemento das tutorías da materia, con concertación de data e hora mediante o correo electrónico</p> <p>Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao comezo do curso as tutorías específicas, ben ás que asistir, ou ben concertadas telemáticamente a través de correo electrónico ou de Moodle, e que sexan compatibles coa súa dedicación</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------|---------------------------|---|---------------|
| Resumo | A1 B3 B13 | O resumo unitario dos dous films etnográficos terá unha extensión máxima de 10 páxinas, e computará un valor do 30% no conxunto da cualificación global. Valorarase particularmente o esforzo e destreza na síntese e comentarios críticos sobre os films, a traballar por cada alumno -nos aspectos socioculturais que presenten-, así como a selección e tratamento dos conceptos cruce do argumento fílmico. | 30 |



| | | | |
|--------------------|----------------|--|----|
| Proba obxectiva | A12 B3 B20 B27 | A proba obxectiva considérase como un exame único ao final de curso, no que o alumno responderá a vinte preguntas de resposta breve sobre o contido da materia do curso. En conxunto, a cualificación da Proba obxectiva supón un valor do 60% da nota global. É requisito inescusable superar esta Proba obxectiva para considerar os outros elementos de avaliación. | 60 |
| Discusión dirixida | A35 A36 B9 | A discusión dirixida avaliarase sobre a comprensión, habilidade expositiva e criterio argumental crítico de cada alumno na súa presentación do seu respectivo resumen-esquema da lectura que lle será asignada; lecturas que se irán entregando ao longo do curso. Achega un 10% da consideración evaluativa. | 10 |

Observacións avaliación

Para a avaliación da 2ª oportunidade, realizarase unha media ponderada dos resultados da proba obxectiva (60% da calificación final) con as resultantes das outras dúas metodoloxías (30% y 10%, respectivamente).

O alumno deberá realizar a proba obxectiva na data da convocatoria de 2ª oportunidade (ben presencialmente, ben online, dependendo das circunstancias na data), si non tera superado ou asistido a tal proba na 1ª convocatoria. Si o resumo fílmico ou a discusión dirixida foran a causa de non superar a materia na 1ª oportunidade, deberá presentar o resumo fílmico e/ou o escrito-resumen da discusión dirixida en esta 2ª oportunidade.

No caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia seguiránse os mesmos criterios de avaliación para a 1ª y 2ª oportunidade que para o restante alumnado, inda que, no caso da "discusión dirixida" substituirase, para os primeiros, a presentación oral en clase pola entrega do esquema-resumen de algunha das lecturas indicadas.

-Implicacións do plaxio: Cualificación de suspenso na convocatoria na que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: quen incorrese será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto si a comisión da falta prodúcese na primeira oportunidade como na segunda. Para iso, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Ingold, Tim ((2020)). "Antropología: ¿por qué importa?". Madrid, Alianza
- Augé, Marc / Jean-Paul Colley (2005)). Qué es la antropología. Barcelona, Paidós
- Lisón Tolosana, Carmelo, ed., ((2007)). Introducción a la antropología social y cultural. Teoría, método y práctica.. Madrid, Akal.
- Lisón Tolosana, Carmelo ((2012)). Teoría etnológica de Galicia. Madrid, Akal
- Álvarez Munárriz, Luis ((2007)). "Visión histórico-sistemática de la Antropología social?", en Lisón, Introducción a la antropología social y cultural?, op. cit, cap.II. Madrid, Akal
- Peacock, J.L. ((2005)). La lente antropológica. cap. 1º: "Materia". Madrid, Alianza
- Wolf, E. ((1982)). "Aspectos económicos del campesinado"., en Id., Los campesinos.. Madrid, Labor
- Godelier, M. ((1981)). "Antropología y economía: análisis de la producción, circulación y consumo de los bienes económicos?", cap. Iº de, id. Instituciones económicas.. Barcelona, Anagrama
- Appadurai, A. ((1988)). "Introduction: commodities and the politics of value" in The Social Life of Things. cambridge, Cambridge Un. Press
- Blim, Michael ((2005)). "Culture and economy"., en J.G. Carrier, A Handbook of Economic Anthropology.. Northampton, Mass., Edward Elgar Publishing
- Miquel, A. ((2007)). "Antropología económica?", en Lisón, C. op.cit., cap IV. Madrid, Akal
- Beattie, J. ((1974)). "Matrimonio y afinidad"., cap. VIII de Id.: Otras Culturas. Madrid, Fondo de Cultura Económica
- Lévi-Strauss, C. ((1995)). "la familia?", en Lévi-Strauss, Spiro y Gough Polémica sobre el origen y universalidad de la familia humana.. Barcelona, Anagrama.
- Rivas, A. ((2007)). "Transformaciones socioculturales y cambios familiares: continuidades y rupturas?", en Lisón, C. op.cit., cap. V. Madrid, Akal
- Sanroman, T. / González Echevarría, A ((2003)). Las relaciones de parentesco. Caps. 3 y 6. Barcelona, Universidad Autónoma de Barcelona
- Cohen, A. ((2013)). "La mística del poder?", en Cañedo, Montserrat "Cosmopolíticas. Barcelona, Gedisa.
- Evans-Pritchard, E. ((1979)). "La realeza divina de los Shilluk del Sudán"., en Llobera, J.R.: Antropología política.. Barcelona, Anagrama
- Gledhill, J. ((2000)). "Para situar lo político: una antropología política actual.?" cap. 1º de Id., El poder y sus disfraces.. Barcelona, Bellaterra
- González Alcantud, J.A. ((2007)). "La antropología política?", en Lisón, C.: op. cit., cap. VIII. Madrid, Akal
- Buxó, Mª. J. ((2007)). "Antropología aplicada?", en Lisón, C., ed.: cap. XIV. Madrid, Akal
- Fernández de Rota, J.A. ((2005)). Nacionalismo, cultura y tradición. Cap. 2º. Barcelona, Anthropos.
- Gómez Pellón, E. ((2007)). "El patrimonio cultural: memoria e imagen del grupo social?", en Lisón, C., ed.: op. cit., cap. XVI. Madrid, Akal
- Couceiro, E. ((2007)). "Rito, mito y símbolo: acción, palabra e imagen en la construcción de los mundos culturales?", en Lisón, C.: op. cit., cap. XVII. Madrid, Akal
- Geertz, C. ((1988)). "Juego profundo. Notas sobre la riña de gallos en Bali?", en Id., La interpretación de las culturas. . Barcelona, Gedisa.
- Rappaport, R. ((2002)). "El ritual y sus formas?". Cap. 2º de Id., Ritual y religión.. Madrid, Cambridge U.P.
- Turner, V. ((1990)). "Símbolos en el ritual Ndembu"., cap. 1º de Id.: La selva de los símbolos.. Madrid, Siglo XXI.
- Couceiro, E. ((2007)). "Religión y creencia. Cultura de los fundamentos y ultimidades existenciales?", en Lisón, C.: op. cit, cap. XVIII. Madrid, Akal
- Douglas, M. ((1998)). "La elección entre lo somático y lo espiritual: algunas preferencias médicas?", en Id., Estilos de pensar.. Barcelona, Gedisa.
- Morris, Bryan. ((2009)). Cap. 1º de Religión y antropología.. Madrid, Akal.
- Lévi-Strauss, C. ((2007)). "Pensamiento "primitivo?" y mente "civilizada?"., en id., Mito y significado. Madrid, Alianza
- Mairal, G. ((2007)). "Culturas del riesgo. Antropología para una sociedad científica y tecnológica?", en Lisón, C.: op. cit., cap. XIII. Madrid, Akal
- McCombie, S. ((1999)). "Folk. Flu and Viral Síndrome: An Anthropological Perspective?", en Hahn, R., ed.

Anthropology in Public Health. New york, Oxford U.P. USA

- Good, Byron ((2003)). Medicina, racionalidad y experiencia.. Barcelona, Bellaterra

- Munarriz, Luis ((2005)). "La conciencia humana", en id. (ed.) La Conciencia humana: perspectiva cultural.. Barcelona, Anthropos

En situación de non presencialidad, existe posibilidade de acceso a libros e lecturas de antropoloxía en e-Libro, a través da páxina da Biblioteca da UDC.



Bibliografía complementaria - () . .

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Metodoloxía da investigación etnográfica/615G01403

Observacións

Sin observacións ni recomendacións específicas

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías